

POESÍA GALIZA 2019 FINALISTA NOMEADA

A INMERSIÓN DE SAFO

y el nombre de las cosas que es mentira y es caridad
Claudio Rodríguez Fer, desde Juan Andrés García Román

1

Safo dóbrase sobre si mesma
até abrazar as súas pernas flexionadas.
desde atrás, o seu lombo é un arco de cerdeira

un exoesqueleto dourado
a punto de eclosionar.

2

o verán en que pisamos a Costa Leste
as radios emitían constantes avisos sobre a próxima saída das
cigarras.

non fixeramos os vinte, e durante dous segundos pensámonos
practicamente irmás
dun billón de parasitos subterráneos
de ollos vermellos
adheridos ás raíces das árbores durante dezasete anos
contendo o titilar da vida durante dezasete anos
vivos aínda grazas ao zume desas mesmas raíces.
e por riba, quen sabe, a tres ou catro cuartas do noso agocho
nenos rodando até conseguir un corpo
por riba,
a persecución constante da luz e as sombras
por riba,
as colleitas e os golpes de aixada de varias xeracións.

3

dime,
cando as cigarras emerxen da terra, que encontran?
nenas trenzando talos de anís
para facer coroas,
humus e árbores froiteiras,
a beleza das insinuacións.

logo despregan unhas ás con brillo celofán
e adquiren forma adulta.
dezasete anos nas raíces, un mes baixo a luz solar.

a poeta resplandece,
exiliada en Siracusa.

4

Safo escribe:
pero unha especie de desexo ten poder sobre min
morrer e observar desde as alturas
a rosada nas flores de loto das ribeiras do Aqueronte.

Safo escribe e arquea o lombo.

pero o estado do papiro impídenos saber
se está a anticipar a branca roca de Leucas
(desde a que se lanza ao mar en todos os lenzos do XIX)
ou a caída –case imperceptíbel–
das crías das cigarras desde as árbores,

rebotando sen eco

até enterrarse.

INSCRICIÓN

Somos o que un día amamos
o que en nós amaron
o que un día fomos
e que xa pasou.

Somos o algures visto
sabernos ollados
que alguén nos conciba
cunha orde no chou.

Somos o que non falamos
o que atragoamos
aquele sentimento
que a lingua parou.

Somos o que nos quitaron
o que nós quitamos
o unha vez levado
que nunca cesou.

Somos as marcas das perdas
enigmas dos soños
e restos do amor.

NAS NOITES DE LUAR

NAS noites de luar contamos as estrelas a moreas,
os medos a mancheas,
os antídotos ineficaces a puñados
—fállanos a memoria e trabucamos os ingredientes—
as palabras que esquecemos a presadas,
os coitelos sen gume e enferruxados
a maínzos.

Hai parellas que sentan nas faldras das montañas,
sobre os cascalleiros ocultos e disimulados,
a ler o futuro a través da ollada estrábica.
Crean, mentres se acariñan as mans
e ollan en direccións opostas,
novos sistemas cos que xeracións vindeiras
predirán o destino coa menor marxe de erro posible,
sustentando as súas supersticións
nas obras completas da autoaxuda.

Roubáronnos os vertedoiros construídos durante décadas
co esforzo e a constancia dos paseos nocturnos;
cubrironolos un día,
sen avisar,
e perdemos neles tódolos tesouros,
o porvir que estabamos a erguer
a costa de perdermos a razón
incansablemente.

Tanto nos ten xa se as noites son
de pedra ou estrelecidas.
O obxectivo é
—agora e sempre—
prender os fachos, compoñer os ósos,
facermos do corpo unha trincheira e
concibirmos, de a feito,
incontables estratexias para nomear
cada unha das loitas que nos restan por librar,
cada un dos motivos polos que as debemos gañar.

NÓS SOMOS OS PAÍSES

Die Wüste wäsch: weh, wer zur Wüste ward!
(FRIEDICH NIETZSCHE)

*We are the real countries, not the boundaries drawn on maps
With the names of powerful men...*
(MICHAEL ONDAATJE)

Nós somos os países, non as fronteiras gastas,
esquecidas,
por onde o vento non sementa xa os días.
O deserto avanza, o deserto avanza fóra,
pero nós somos os corpos que resistirán perante el,
somos os corpos que cruzarán os ríos,
que agardarán pola acometida atroz do tempo.
Porque nós somos os países,
esas pegadas que falan
de fentos ergueitos contra o lume,
a materia cálida das cores acoradas,
das noites sen ruína.
O deserto avanza,
a palabra treme como unha rosa fría,
pero nós somos os países, a terra verdadeira
onde os amantes deixan atrás o silencio e o pavor.
Nós somos os países,
non os címbalos anunciando a derrota.

Somos as olladas que emerxeron do pranto,
que soñaron as fontenlas, que pecharon as feridas
doutras mans lañadas coa escuridade hostil do mundo.
Somos o lugar dunha raíz máis fonda, compartida;
riscaremos o trazo da cinza, iremos alén da neve morta.
O deserto avanza,
unha area dura aguilloa incesante
o corazón dos fillos, as marxes altas deste sangue,
pero nós vimos desde as marxes para ancorar aquí,
para deter o vendaval e o acabamento, a decepción.
Porque nós somos os países,
non a seitura abrasada,
non a lingua en extinción dos animais da tristura,
nunca o alento engaiolado dos náufragos.
Ficamos calmos contra o deserto e a súa onda negra,
somos os corpos que termaron de si mesmos, bandeiras,
somos bandeiras no vórtice da danza e o clamor.
Nós somos os países, nós somos os corpos,
os países que se alzarán de novo desde a sombra.

NOSOUTROS

Nosoutros
das fragas e dos errantes cabaleiros
hai tempo
que nos fomos
pero a herba alta de maio
—os merlos entérranse nela—
e as errantes amazonas
caen
despréndense do libro

xiras de novo a bóla de neve
sostemos o adival
e o cabaleiro extenuado

a eles e elas
amables
que locen medias da cor dun prado sobrevoado por
 bolboretas
e os cabelos rebeldes ao alisado e a tintura
e o bolso que prende a flor

se mesturas a luz do sol cos ósos
e infiltras o granito
talvez poidas escribir un país
talvez a amazona e o cabaleiro acorden do transo
e retornen as páxinas,
un país abre en calquera punto do traxecto
cando digo “esa forza é a natureza”
digo “a linguaxe *sapiens* é a natureza”

esa é a meditación

MENDIGA NA PORTA

ESTA muller non pide nada, enúnciase.

A súa xornada é estática e compite coas mulleres
uniformadas do interior.

Vai vestida e calzada cun uniforme que case
non muda

e que non a diferenza doutras noutros lugares

/coma este.

O seu nome non está máis que na súa trenza, no seu
dente de ouro, no seu anel de casar.

Nas pupilas e no cartón que sostén, a súa declaración

/de intencións.

É inocua

e estantiga.

Suxeita o aire polas catro esquinas

e vaino derrotando.

Suxeita o teu can para que non se irrite,

lévache as bolsas, piropea ao teu neno

no cénit da súa perrencha, deséxache os bos días

/tardes/noites e antes

de que as farangullas fagan *cling* no seu caciño,

xa as prestidixitou e sorrí

cun sorriso feito de ollos e pel e dentes de ouro

que te inquietan

porque non sabes que vida hai

tras desa opacidade insistente.

Págaslle

a peaxe do medo

e pechas dun tirón

a cremalleira da conciencia.

AZAR

a vida
cando chegas
a unha certa altura do camiño
e dás en revisar
os pousos que deixaron as túas cinzas
a borra que o teu verbo espaxeou
como escuro refugallo do vivido
semella ser tan curta
tan inútil
que ben podes entender
que haxa alguén que precipite
o arrebatado do destino
(o lugar en que conflúen
a forza da vontade
e o poder do azar)
mais tamén
a vida
cando volves dunha certa altura do camiño
e poste a lembrar
as músicas as cores
a luz que se vertía no fondo da paisaxe
en Grecia en Alemaña
nas noites de Kilini...
e deixas un segundo que a música regrese...
a vida...
esa mestura
da forza da vontade
e do poder do azar

TREMEN OS TELLOS DA XIADA

Tremen os tellos da xiada

callados nas ausencias

cando xa non doen os corpos que sangran

O tempo teceu solermiño

unha tea trampa

invisíbel

para me burlar

a memoria escorrentada

Ignora a boca dese túnel de dobre folla

que asexá

na agardada conciencia

que non lle teño medo

como ao moucho,

non che teño medo!,

para rabuñar nas sombras

as palabras que ficaron mudas

en cada nicho do camposanto

e transcríboas

en ti para min

como froitos da milgranda

bagos das lembranzas

neste corpo

manuscrito

da segunda orixe

inmortal.

SÍNDROME DE STENDHAL

Lumi potete piangeri...
Aria de *La divisione del mondo*
GIOVAVNI LEGRENZI

Chorei ao ver o corazón de Pentesilea atravesado por unha lanza
naquel kylix da Ática do 470 a.C.
ano do nacemento de Sócrates.

Ante a lenta beleza de Rohmer
e o émbolo sensible que comprime o fluído do amor.
Ante un altar de Pérgamo e unha buleira e dous
garabullos abrazados
e unha lousa patrimonial.

Esbagoei intuindo
o saber e o sabor da xeadada
e a primeira vez que o meu corazón se comportou coma
un paporroibo
aos tres anos
era tan pequeniña que aquel sentimento parecía unha
montaña

pero subín
ata tocar as nubes
e cando baixei sabía pronunciar á perfección as vinte sílabas
do amor

anque o oído humano só é quen de escoitar dúas.
E ás veces non collo no meu tórax e teño que marchar
emocionada

a unha esquina escura onde ninguén me vexa
arrolando a taquicardia do meu colo.

Sempre quixen ser unha muller normal
pero de súpeto aquel olor da terra trala chuvia
a esfera de Pascal
a pituitaria da alma na que non creo
de súpeto as flores da cerdeira
e a noite pecha que eu abría cunha chave metida no cerebro

o sublime case manca
e volvía de min tan cansa que ás veces quedaba onde non
estou.

Sempre quixen ser unha muller normal
pero nacín cunha tuba na garganta.

A música chega a doerme no estómago coma se comera
pan de lava

e Glück e esa gotiña
de chumbo ardendo
cando Orfeo descende
ata os infernos.

Dicir por exemplo
que virá a morte e terá os teus ollos
dicir que unha ten nostalxia das branquias
e que un tigre de tenrura
dicir o Pracer guiando o pobo
dicir e non arder... Como se pode?

Acaso sexa o grao de beleza que podemos soportar
aquel de trigo que cae dunha espiga e logo xa nada nos
protexe?

Como sobreviviu Chateaubriand en Venecia?

E como non viviu
aquela rosa regada con gas no condado de Devon?

Como non cegou Goethe ao albiscar
a teoría das cores?
Ás veces choro enriba dun libro de Borges
cando ninguén me ve
toco cun dedeiro a rama das patacas dun cadro de Giotto
...dicir por exemplo que virá a morte e terá os teus ollos.

Saber que un fento é un fractal tamén me fai chorar
e o musgo de Emily Dickinson cubrindo a parede da

Cortiña

o amor tolo de Breton e o seu peixe soluble
e as maus do meu pai as súas unllas cheas de antracita e

o hipérbato

da reuma
retorcéndolle as articulacións
e a nena salvaxe que danza no cadro de Emil Nolde...

Acaso sexa o grao de beleza que podemos soportar
aquele de trigo que cae dunha espiga e logo xa nada nos

protexe?

Eu quixen parir
por ver se a contracción era un poema eléctrico
se a vida pode aínda dilatarse como a vaxina da femia
se a éxtase se completa ao saír unha mesma dunha mesma
entre o sangue

e a placenta
se a sinfonía louquea co ritmo umbilical
ah, e se aquel grao de trigo aquel grao
acaso sexa o grao de beleza que podemos soportar.

Ah e se aquel grao de trigo aquel grao
aquele grao de trigo aquele
grao
de trigo
aquele
é aquel grao

de beleza
que podemos
soportar.

Olga Novo, *Feliz Idade*, Kalandraka, 2019

NO MEDIO DESTA PAISAXE

No medio desta paisaxe

(a paisaxe sempre entrega osíxeno
mais cómpre non identificala unicamente
co bosque)

hai unha muller que escorza

a cadeira cara atrás.

As nádegas exhiben a carne.

A cintura quebrada exhala a propia

sedución.

Así é como nos parimos a nós mesmas.

Así é como se aprende o amor.

No medio desta paisaxe

a muller cabalo

é tan bonita

que sorrí.